

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 31 DE XULLO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta e un de xullo de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as dez horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 23 de xullo de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIADOS NO CONCURSO “CAMBURGUER 2026”

A concelleira-delegada de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade Dona Xulia Dacal Juiz, traslada para coñecemento deste órgano os resultados do concurso da iniciativa “Camburger 2026”, celebrado os días 8, 9, 10, 15, 16 e 17 de maio do corrente, co seguinte resultado:

Premios do público (acta asinada en data 23/07/26)

- Puntuacións acadadas polos establecementos participantes:

Establecemento	Núm. papeletas	Calidade/Prezo	Presentación	Sabor	Porcentaxe
Bruxas e Coruxas	162	689	718	679	13,88
Recanto	93	436	416	423	14,71
Centro	338	1512	1530	1573	14,65
Esmorga	157	697	692	680	14,18
Quirós	212	970	1015	984	15,00
Casa Sánchez	391	1921	1909	1940	15,76
Achacán	241	1154	1167	1139	15,42
Desito	334	1475	1526	1517	14,53
Gallaecia	197	860	830	829	13,79

- Premios concedidos:

PREMIOS	ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN DA BURGUER
PRIMEIRO	CASA SÁNCHEZ	THE CARACAS SMOKE GOLD
SEGUNDO	ACHACÁN	ARTEBRASA
TERCEIRO	QUIRÓS	ARCOIRIS KAMBOTA

3.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL FIXA DO CONCELLO

VISTA a petición formulada polo traballadora laboral fixa, coa categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), Dona Sandra Estévez Iglesias (RE núm. 1125, do 20/07/26), solicitando o recoñecemento do complemento de antigüidade que lle corresponda en virtude do tempo traballado para o Concello.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que á data da presente ten acreditado un período de 1.291 días traballados nesta entidade local.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona Sandra Estévez Iglesias o seu dereito a percibir un trienio de antigüidade con data de consolidación do día 16 de xaneiro de 2026 e con efectos económicos do día 1 de febreiro de 2026.

4.- CONCESIÓN DA TERCEIRA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 12 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras para o financiamento e a prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026, publicadas no BOP núm. 6, correspondente ao día 12 de xaneiro de 2026. Con data 27 de febreiro do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 206, do 02/03/26).

Debidamente informados/as de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 27/07/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a terceira quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor do/a veciño/a que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	DNI/NIE/	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Mourigás – Arnego	400,00 €	Pagamento de gastos de tratamento odontolóxico
██████	██████	Rodeiro – Rodeiro	600,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2026. O/a beneficiario/a deberá presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2027. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

5.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- María del Carmen Eiriz García

VISTA a instancia presentada por Dona MARÍA DEL CARMEN EIRIZ GARCÍA, con DNI núm. ██████████, veciña do lugar de Cubelos, parroquia de Fafián (RE núm. 385, do 28/05/26), pola que solicita autorización municipal para a realización, en terreos de dominio público do camiño municipal con referencia catastral 36047A0900090040000PF, obras de saneo e impermeabilización de marxes no perímetro das parcelas con referencias catastrais 36047A090060270001AG e 36047A090001010000PG, correspondentes á vivenda e muro de peche da parcela da súa propiedade, respectivamente, no lugar de Cubelos, parroquia de Fafián. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados, coas seguintes condicións:

Primeira.- As obras deberán respectar no seu caso os servizos xa existentes, e realizarse coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de Servizos Básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento do camiño nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida “a precario” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte da solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir nas obras autorizadas sobre o dominio público, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa da solicitante.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FARO DE VIGO S.A.U. 363,00 €
Por publicidade institucional do Concello nas festas do Santo Antonio de Rodeiro, s/factura núm. 2026F0001253 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 151,25 €
Por publicidade institucional do Concello nas festas do Santo Antonio de Rodeiro, s/factura núm. P26/004619 (FACe).
- NATURGY CLIENTES S.A.U. 1.596,46 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xuño de 2026, s/recibos.

- NATURGY CLIENTES EMPRESAS S.A.U. 584,31 €
Por consumos eléctricos do alumado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 1.015,23 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7MF0014801, TA7MF0014796, TA7MF0014802 e TA7MF0014803 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 554,39 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 639 (FACe).
- ALQUILERES LALÍN S.L. 145,20 €
Por aluguer de soplador para obras municipais, s/factura núm. 26/714.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 549,50 €
Por traballos de reparación e mantemento de vehículos e maquinaria municipal, s/facturas núm. T1.377 e T1.402.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 4.150,30 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumado público do Concello, s/factura núm. 930.
- RODOIL S.L. 2.013,46 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de xuño de 2026, s/facturas núm. 2026/26/000239, 2026/26/000241, 2026/26/000242, 2026/26/000244, 2026/26/0000245, 2026/26/000246, 2026/26/000247, 2026/26/000248 e 2026/26/000249 (FACe).
- TQ TECNOL S.A.U. 255,31 €
Por subministro de produtos químicos para a piscina municipal, s/factura núm. FV2608108 (FACe).

- RODOIL S.L. 60,55 €
Por lavado do camión de recollida do lixo e subministro de combustible á máquina varredora no mes de xuño de 2026, s/facturas núm. 2026/26/000240 e 2026/26/000243.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 7.844,75 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xuño de 2026, s/factura núm. 2026/2084 (FACe).
- SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE S.L.U. 8.466,92 €
Por servizo de recollida e transporte de residuos de puntos de acopio de plásticos agrícolas, s/factura núm. 26105 (FACe).
- CHARLATANA S. COOP. GALEGA 968,00 €
Por representación do espectáculo “*Con propia lingua*” de Peter Punk Pallaso dentro da programación de Cultura no Camiño 2026, s/factura núm. CH26/178 (FACe).
- RABELAS RENOVABLES S.L. 50,00 €
Por subministro de viño mención para o obradoiro sensorial e cata de viños da iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. B0004026.
- ADEGAS TEIJEIRO LEMOS S.L. 54,45 €
Por subministro de viño mención para o obradoiro sensorial e cata de viños da iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. 9/2026.
- OCARACAS, S. COOP. GALEGA 150,00 €
Por canxe de vale de premiada no “*III concurso de decoración de Nadal Rodeiro é ilusión*”, s/factura núm. 01K26000004.
- MARBE HISPANIA S.L. 7.428,43 €
Por subministro de formigón para obras municipais, s/facturas núm. A/35830 e A/35831 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde en funcións,
(sinatura dixital)